

A LOCALIDADE

- Escribe o nome das seguintes institucións:



As institucións da comunidade son aquelas que ofrecen servizos ás persoas que viven nela. As institucións dunha comunidade poden ser: os bombeiros, a comisaría, o centro de saúde, o colexio, o concello,... Cada unha destas institucións ofrece servizos especiais aos membros dunha comunidade, como: educación, saúde, seguridade, deportes, esparcemento, axuda económica, entre outros.



Cada institución está administrada ou dirixida por persoas asignadas para o cargo. Coa axuda da túa mestra, **relaciona** cada institución co seu representante.



- | | | |
|--------------------------|---|-----------------------|
| a. Concello | ● | ● Médico/a |
| b. Comisaría | ● | ● Director(a) |
| c. Colexio | ● | ● Alcalde/sa |
| d. Igrexa | ● | ● Sacerdote |
| e. Estación de bombeiros | ● | ● Comisario/a |
| f. Centro de saúde | ● | ● Xefe/a de bombeiros |

- Coa axuda da túa mestra realiza o seguinte Miniproxecto:

Ao lado de cada unha das seguintes definicións, debuxa a institución que lle corresponda.

<p>É unha institución que presta servizos voluntarios en caso de siniestros, accidentes, situacións de emerxencia e outras axudas humanitarias. A súa principal misión é salvar a vida e os bens dos membros da comunidade.</p>	
---	--

	<p>É a encargada de velar polo orden e a seguridade da comunidade.</p>
--	--

Ofrece asistencia espiritual e humanitaria aos membros da comunidade.

Encárgase de velar polo benestar e a saúde das persoas que conforman a comunidade mediante campañas de vacinación e información para a prevención das enfermidades.

Cumpre unha función formativa, brinda as capacidades necesarias aos nenos e nenas para a súa formación integral.



	É o goberno local. A súa función específica é satisfacer as necesidades básicas da poboación que se atopa no seu territorio.
--	--

Tarefas:

- Realiza unha lista de cinco profesións e fai un debuxo de cada unha delas.